JOSE LUIS MACEDA VILARIÑO (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: 1dd969800d5c5f80327531b1ba1fc0bd

XIV CANTOS DE TABERNA

DA POBRA DO BROLLÓN

O Concello da Pobra do Brollón organiza o "XIV Concurso de Cantos de Taberna".

BASES

1. Participarán un máximo de 10 grupos que serán incluídos por orde de inscrición.
2. Os grupos participantes estarán compostos por un máximo de dez compoñentes. Deberase indicar o nome artístico do grupo, teléfono e un correo electrónico.
3. A data será o día **5 decembro** a partir das 17:00 ata ás 23:00h e a recepción será diante do Concello as 17:00h.
4. O repertorio será preferiblemente tradicional en galego.
5. Cada grupo percorrerá un itinerario diferente que lle será indicado por un membro da organización o día do evento. O itinerario será o dos bares que participen no XIV Cantos de Taberna da Pobra do Brollón.
6. En cada taberna cantarase polo menos dous temas, podendo utilizar os mesmos en todas as tabernas.
7. Tódolos grupos participantes recibirán un agasallo pola súa participación e a cantidade cento cincuenta euros (150,00 €) para sufragar os gastos causados polo evento.

A Pobra do Brollón, na data da sinatura electrónica.

Cod. Validación: AK5WGLFDF355TQDFNMWCMX9MT
Corrección: https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1